

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 21 de marzo de 2025**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e un de marzo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Rafael Domínguez Artime*, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Roberto José Álvarez Carrero*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez* e o deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando ambos a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34930.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2025.

2.34931.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE AGOLADA”. (Expte.2025003644)

**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024



- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrncia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Agolada o importe que lle corresponde é de 89.185,26 €.
- En data 22/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025004103) dunha petición do Concello de Agolada, emendada en datas posteriores, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 89.185,26 € ao abeiro do II PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Obras de mellora das instalacións do polideportivo municipal de Agolada*”, cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 81.864,76 € á execución de obra e 7.320,50 € aos honorarios de redacción de proxecto, dirección e coordinación de seguridade e saúde (4.416,50 € honorarios de redacción de proxecto, 2.904,00 € honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 12/02/2025 (CSV: Z2GNY0ZKLFGT3THQ).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

- A solicitude do Concello de Agolada relativa ao financiamento do investimento denominado “*Obras de mellora das instalacións do polideportivo municipal de Agolada*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 89.185,26 €, cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 81.864,76 € á execución de obra e 7.320,50 € aos honorarios de redacción de proxecto, dirección e coordinación de seguridade e saúde.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, informo favorablemente o expediente e a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Agolada*, CIF P3602000F, a cantidade de 89.185,26 € con destino ao financiamento do investimento “*Obras de mellora das instalacións do polideportivo municipal de Agolada*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe, correspondendo 81.864,76 € á execución de obra e 7.320,50 € aos honorarios de técnicos (4.416,50 € honorarios de redacción de proxecto, 2.904,00 € honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde).  
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.24 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

3.34932.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA PARA O INVESTIMENTO “PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA CONTORNA DE SANTA LIBERATA”.  
(Expte.2025005034)

## ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025



- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao *Concello de Baiona* que importa 900.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “*Proxecto de reurbanización da contorna de Santa Liberata*” (exp: 2024076982) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

| Orzamento     | SUBVENCIÓN<br>PLAN EXTRA        | ACHEGAS DOUTRAS<br>ADMINISTRACIÓNS € | ACHEGA<br>MUNICIPAL |
|---------------|---------------------------------|--------------------------------------|---------------------|
| 1.393.571,13€ | 900.000,00 (exp:<br>2024076982) | 0,00                                 | 493.571,13          |

- En data 29/01/2025, mediante rexistro WEB2025005753, formalmente e en prazo, emendado en data posterior, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Baiona* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 493.571,13 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) do investimento “*Proxecto de reurbanización da contorna de Santa Liberata*”, cuxo orzamento ascende 1.393.571,13 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento     | Subvención -<br>Plan +<br>Provincia 2025 | ACHEGAS DOUTRAS<br>ADMINISTRACIÓNS € | PLAN PROVINCIA<br>EXTRAOR. (PLAN<br>EXTRA) |
|------------|---------------|------------------------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------------|
| 2025       | 1.393.571,13€ | 493.571,13€                              | 0,00                                 | 900.000,00                                 |

O importe do orzamento total de 1.393.571,13 euros contempla 1.334.281,13 euros de execución de obra, 27.830,00 euros de honorarios de dirección de obra, 9.680,00 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde e 21.780,00 euros de traballos arqueolóxicos.

- Consta no expediente certificado de titularidade así como o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Cultura e Turismo, da Deputación de Pontevedra (arqueoloxía), así como o informe favorable dos entes Gestagua e UFD Distribución eléctrica.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, ademais os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans deben axustarse aos contemplados nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



**RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE**

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 11/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1\_Investmentos, por importe de 493.571,13 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “*Proxecto de reurbanización da contorna de Santa Liberata*” (exp.: 2025005034), cuxo orzamento ascende 1.393.571,13 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento     | Subvención -Plan + Provincia 2025 | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS € | PLAN PROVINCIA EXTRAOR. -PLAN EXTRA        |
|------------|---------------|-----------------------------------|-----------------------------------|--------------------------------------------|
| 2025       | 1.393.571,13€ | 493.571,13€                       | 0,00                              | 900.000,00 (exped. Plan Extra: 2024076982) |



- O importe do orzamento total de 1.393.571,13 euros contempla 1.334.281,13 euros de execución de obra, 27.830,00 euros de honorarios de dirección de obra, 9.680,00 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde e 21.780,00 euros de traballos arqueolóxicos.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Economía e Industria, da Consellería de Cultura e Turismo, da Deputación de Pontevedra (arqueoloxía), así como o informe favorable dos entes Gestagua e UFD Distribución eléctrica. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.34933.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIONES VARIAS EN EL PABELLÓN POLIDEPORTIVO DE SAN TOME”. (Expte.2025003661)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrència non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de CAMBADOS o importe que lle corresponde é de 161.099,61 €.
- En data 22/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025004166) dunha petición do Concello de CAMBADOS, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 160.708,33 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “ACTUACIONES VARIAS EN EL PABELLON POLIDEPORTIVO DE SAN TOME”, cun orzamento de 160.708,33 €.



- O concello emenda a documentación achegada inicialmente en datas posteriores.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 27/02/2025 (CSV: 8TLUEK9K86S8CF0J).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Cambados* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Actuacións varias no pavillón polideportivo de San Tomé*” (Expte.2025003661) presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 160.708,33 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, informo favorablemente o expediente e a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF P3600600E a cantidade de 160.708,33 € con destino ao financiamento do investimento “*Actuaciones varias en el pabellón polideportivo de San Tomé*” (exp: 2025003661) ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 160.708,33 €.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.34934.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025011946)

#### ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCYZWSDTTF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

| CONCELLO DE CAMBADOS       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                     |                       |                     |                                        |
|----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------|---------------------|----------------------------------------|
| Data de presentación:      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 04/03/2025 (registro WEB2025014086) |                       |                     |                                        |
| Data emenda da solicitude: |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 12/03/2025 (registro WEB2025016784) |                       |                     |                                        |
| Nº<br>traballadores        | Obxecto da subvención (número de<br>contratos, tipo de xornada e<br>duración)                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Orzamento                           | Orzamento<br>elixible | Achega<br>municipal | Importe da<br>subvención<br>solicitada |
| 18                         | 6 operarios/as de servizos, 1 peón<br>laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 técnico/a de<br>medioambiente en xornada de 35 h./sem.<br>durante 7,5 meses; 2 administrativos/as e<br>1 oficial de museos en xornada de 25<br>h./sem. durante 7,5 meses, 1 conserxe en<br>xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e<br>4 oficiais de cultura en xornada de 25<br>h./sem. durante 3 meses | 206.445,64 €                        | 206.445,64 €          | 4.099,00 €          | 202.346,64 €                           |



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE CAMBADOS                                                  |              |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 202.346,64 € |

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

### CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

| ANEXO                   |                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                    |
|-------------------------|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                                                                                                                                                                                             | Importe a conceder |
| Cambados<br>(P3600600E) | 18               | 6 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 técnico/a de medioambiente en xornada de 35 h./sem. durante 7,5 meses; 2 administrativos/as e 1 oficial de museos en xornada de 25 h./sem. durante 7,5 meses, 1 conserxe en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 4 oficiais de cultura en xornada de 25 h./sem. durante 3 meses | 202.346,64 €       |

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 8ZSR97G3VRLTG22G) e do informe de Intervención (CSV: KAVJS6O0XPB75WLW), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Cambados* (CIF P3600600E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

| ANEXO                   |                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                    |
|-------------------------|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                                                                                                                                                                                             | Importe a conceder |
| Cambados<br>(P3600600E) | 18               | 6 operarios/as de servizos, 1 peón laceiro/a, 2 limpadores/as, 1 técnico/a de medioambiente en xornada de 35 h./sem. durante 7,5 meses; 2 administrativos/as e 1 oficial de museos en xornada de 25 h./sem. durante 7,5 meses, 1 conserxe en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 4 oficiais de cultura en xornada de 25 h./sem. durante 3 meses | 202.346,64 €       |



Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
  - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

6.34935.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN DE DEPORTES MUNICIPAL”. (EXPTE.2025003672)

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrència non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Campo Lameiro o importe que lle corresponde é de 85.843,48 €.
- En data 22/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025004174) dunha petición do Concello de Campo Lameiro, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 85.843,48 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal*”, cun orzamento de 190.605,13 € dos que 177.203,21 € son da execución da obra, 5.956,41 € son da redacción do proxecto, 5.956,41 € son da dirección e 1.489,10 € corresponden ós honorarios de coordinación da seguridade e saúde.



- O concello emenda a documentación achegada inicialmente en datas posteriores.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 31/01/2025 (CSV: GJP8TMQRAFV6SCUY).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Campo Lameiro relativa ao financiamento do investimento denominado “*Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal*” (exp: 2025003672) presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 85.843,48 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, informo favorablemente o expediente e a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF P3600700C a cantidade de 85.843,48 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora da eficiencia enerxética do pavillón de deportes municipal*”(Expte.2025003672) ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 190.605,13 €, correspondendo 177.203,21 € á execución da obra, 5.956,41 € á redacción do proxecto, 5.956,41 € á dirección de obra e 1.489,10 € corresponden á coordinación da seguridade e saúde.



- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.34936.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEAÑO, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE CANALÓNS, BAIXANTES, PORTAL VEHICULAR E DOTACIÓN DE EQUIPO DE MEGAFONÍA EN PAVILLÓN MUNICIPAL DE DENA”. (Expte.2025010472)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrncia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Meaño o importe que lle corresponde é de 108.090,55 €.
- En data 21/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025003758) dunha petición do Concello de Meaño, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 84.674,67 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Sustitución de canalones, bajantes, portal vehicular y dotación de equipo de megafonía en pabellón municipal de Dena”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 12/03/2025.
- Así mesmo, o 12/03/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 12/03/2025.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Meaño* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Substitución de canalóns, baixantes, portal vehicular e dotación de equipo de megafonía no pavillón municipal de Dena*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 84.674,67 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Meaño*, CIF P3602700A a cantidade de 84.674,67 € con destino ao financiamento do investimento “*Substitución de canalóns, baixantes, portal vehicular e dotación de equipo de megafonía no pavillón municipal de Dena*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 84.674,67 €.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Meaño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.34937.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025002187)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 9.34562, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- No caso do Concello de Oia, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

| CONCELLO DE OIA  |                                                                                                                                                                                       |              |                    |                  |                                  |
|------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------------|------------------|----------------------------------|
| Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                               | Orzamento    | Orzamento elixible | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 7                | 1 condutor/a operador/a maquinaria forestal a xornada completa durante 10 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses | 102.589,65 € | 102.589,65 €       | 1.183,69 €       | 101.405,96 €                     |

- O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025014930, do 06/03/2025, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de axustar os costes salariais ao novo salario mínimo interprofesional aprobado para o ano 2025. Así mesmo, solicita minorar a duración do contrato do posto de condutor/a operador/a de maquinaria forestal.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

## CONCLUSIÓN:

En base á necesidade de axustar os custes salarios o novo importe aprobado do salario mínimo interprofesional e a duración do contrato do posto de condutor/a operador/a de maquinaria forestal, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento permanecendo invariable o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

| CONCELLO DE OIA     |                                                                                                                                                                                                                  |              |                       |                     |                                        |
|---------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------------|---------------------|----------------------------------------|
| Nº<br>traballadores | Obxecto da subvención<br>(número de contratos, tipo<br>de xornada e duración)                                                                                                                                    | Orzamento    | Orzamento<br>elixible | Achega<br>municipal | Importe da<br>subvención<br>solicitada |
| 7                   | 1 condutor/a operador/a<br>maquinaria forestal a xornada<br>completa durante 9 meses e 29<br>días; 4 peóns forestais a xornada<br>completa durante 8 meses e 2<br>albaneis a xornada completa<br>durante 7 meses | 107.049,66 € | 107.049,66 €          | 5.643,70 €          | 101.405,96 €                           |

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 9.34562, no referente á subvención concedida ó Concello de Oia, CIF núm. P3603600B, da maneira que segue:

| ANEXO              |                  |                                                                                                                                                                                                       |                    |
|--------------------|------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Concello           | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                                               | Importe a conceder |
| Oia<br>(P3603600B) | 7                | <i>1 condutor/a operador/a maquinaria forestal a xornada completa durante 9 meses e 29 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses</i> | 101.405,96 €       |

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 3DKIRCXSH1GN7L90) e da dilixencia de Intervención (CSV: VF7DLLRRK1PHWGCR) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 9.34562, no referente á subvención concedida ó *Concello de Oia*, CIF núm. P3603600B, que queda como segue:

| ANEXO              |                  |                                                                                                                                                                                                       |                    |
|--------------------|------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Concello           | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                                               | Importe a conceder |
| Oia<br>(P3603600B) | 7                | <i>1 condutor/a operador/a maquinaria forestal a xornada completa durante 9 meses e 29 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses</i> | 101.405,96 €       |

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9.34938.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “ACTIVIDADES SOCIAIS 2025”. (Expte.2025012054)

#### ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 06/03/2025, con rexistro núm.WEB2025015080, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello do Porriño na que solicita unha subvención por importe de 91.379,51 euros, con destino ao financiamento de “*Actividades sociais 2025*” (Expte.:2025012054), cun orzamento por importe de 116.336,88 euros.
- Non obstante, a proposta orientativa das actuacións a levar a cabo non cumpre co establecido na base trixésimo sexta no referente a que todas actividades deben contemplar a mesma porcentaxe de financiación. Por tal motivo, en data 11/03/2025, con rexistro núm.WEB2025016408, remítese unha nova proposta quedando configurada a solicitude de subvención da seguinte maneira:

|                                                                       | Orzamento    | Subvención solicitada |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------------|
| Apoio e reforzo escolar a menores en desvantaxe                       | 50.696,88 €  | 39.821,04 €           |
| Accións de formación académica a familias e risco de exclusión social | 20.640,00 €  | 16.212,17 €           |
| Dinamización maiores “Tempo para nós”                                 | 45.000,00 €  | 35.346,30 €           |
| TOTAL                                                                 | 116.336,88 € | 91.379,51 €           |

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

##### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/03/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/03/2025, e a dilixencia de corrección de erros de data 13/03/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Porriño*, CIF:P3603900F, a cantidade de 91.379,51 euros, con destino ao financiamento de “*Actividades sociais 2025*” (Expte.:2025012054), cun orzamento por importe de 116.336,88 euros para o financiamento das seguintes actividades:

|                                                                       | Orzamento    | Subvención  |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------|-------------|
| Apoio e reforzo escolar a menores en desvantaxe                       | 50.696,88 €  | 39.821,04 € |
| Accións de formación académica a familias e risco de exclusión social | 20.640,00 €  | 16.212,17 € |
| Dinamización maiores “Tempo para nós”                                 | 45.000,00 €  | 35.346,30 € |
| TOTAL                                                                 | 116.336,88 € | 91.379,51 € |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizárase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello do Porriño, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

10.34939.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025013953)

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez



comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

- De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

| CONCELLO DO PORRIÑO   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |              |                                     |                     |                                        |
|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-------------------------------------|---------------------|----------------------------------------|
| Data de presentación: |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |              | 13/03/2025 (registro WEB2025017200) |                     |                                        |
| Nº<br>traballadores   | Obxecto da subvención<br>(número de contratos, tipo de<br>xornada e duración)                                                                                                                                                                                                                                               | Orzamento    | Orzamento<br>elixible               | Achega<br>municipal | Importe da<br>subvención<br>solicitada |
| 18                    | <i>1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 6 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 4 conserxes a xornada completa durante 8 meses; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a e 1 arquivista a xornada completa durante 6 meses</i> | 282.254,35 € | 275.452,35 €                        | 70.870,42 €         | 211.383,93 €                           |

- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DO PORRIÑO                                                   |              |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 211.383,93 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



### III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

### CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

| ANEXO                     |                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |
|---------------------------|------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Concello                  | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                                                                                                                                                                       | Importe a conceder |
| Porriño, O<br>(P3603900F) | 18               | <i>1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 6 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 4 conserxes a xornada completa durante 8 meses; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a e 1 arquivista/a a xornada completa durante 6 meses</i> | 211.383,93 €       |

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 1PVKPW5B1CCS2X75) e do informe de Intervención (CSV: M6VMB2MUBUCX5J7G), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello do Porriño* (CIF P3603900F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

| ANEXO                     |                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                    |
|---------------------------|------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Concello                  | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)                                                                                                                                                                                                                                                       | Importe a conceder |
| Porriño, O<br>(P3603900F) | 18               | <i>1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 6 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 4 conserxes a xornada completa durante 8 meses; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a e 1 arquivista/a a xornada completa durante 6 meses</i> | 211.383,93 €       |

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



11.34940.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE STA MARÍÑA”. (Expte.2025003070)

#### ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 20/01/2025, dentro formalmente en e prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2025003588) dunha petición do Concello de Redondela na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 257.111,29 euros, co obxecto do financiamento da obra “ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE STA MARÍÑA” (EXPDTE 2025003070) cuxo orzamento ascende a 260.508,57 euros. O orzamento contempla a execución de obra por importe de 249.386,77 euros e a asistencia técnica á redacción do proxecto por importe de 11.121,80 euros.
- En datas posteriores, o Concello de Redondela emenda e completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- O investimento proposto conta co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 12/03/2025.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela*, CIF: P3604500C, unha subvención, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), por importe de 257.111,29 euros co obxecto do financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE STA MARIÑA” (expte 2025003070), en base a un orzamento que ascende a 260.508,57 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 3.397,28 euros. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) e de Augas Galicia, así como, a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 2026 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme as bases 19ª e 26ª das reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), o investimento subvencionado deberá estar executado o 30/04/2026 e xustificado a 30/09/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.34941.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMIA, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA EN CUBERTA E INSONORIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BARRANTES”. (Expte.2025003534)

#### ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 21/01/2025, dentro formalmente en e prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2025003912) dunha petición do Concello de Ribadumia na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 107.656,30 euros co obxecto do financiamento da obra “MELLORA EN CUBERTA E INSONORIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BARRANTES” (EXPDTE 2025003534) cuxo orzamento ascende a 155.960,46 euros.
- En datas posteriores, o *Concello do Ribadumia* emenda e completa a documentación achegada. Subliñar que as firmas dixitais emitidas na documentación remitida a través da sede electrónica da Deputación, están realizadas mediante o xestor de expedientes “SWALL”, implantado no Concello de Ribadumia e non compatible con outros xestores de expedientes.

Todos os documentos contan con código seguro de verificación (CSV) que pode ser facilmente verificable na sede electrónica do Concello de Ribadumia:

(<https://portalciudadan.ribadumia.org/Default.aspx?key=yhbv8ARPM/nr0PlcW+YkqNjzrCVpdg9jay5sAr28JfsKuj6iub08HDjicUGi+bYWlc/lmZqXsdoYTTbTKc0dQ=>).

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- O investimento proposto conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 05/02/2025.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)
- 

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

### RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ribadumia*, CIF: P3604600A, unha subvención, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), por importe de 107.656,30 euros co obxecto do financiamento “*Mellora en cuberta e insonorización do pavillón polideportivo en Barrantes*” (Expte.2025003534), en base a un orzamento que ascende a 155.960,46 €, debendo co-financiar a entidade municipal 48.304,16 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II) , aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 2026 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme as bases 19ª e 26ª das reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), o investimento subvencionado deberá estar executado o 30/04/2026 e xustificado a 30/09/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ribadumia*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



13.34942.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO DE ENTENZA”. (Expte.2025013590)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 09/01/2025, mediante rexistro WEB2025001313, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de SALCEDA DE CASELAS na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 175.000,00 euros, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao investimento “ACHEGA PLAN EXTRA\_SANEAMENTO DE ENTENZA”, cuxo orzamento ascende 875.000,00 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención Plan +Provincia 2025 | Achegas doutras administracións (PLAN EXTRA) | Fondos propios do Concello |
|-------------|---------------------------------|----------------------------------------------|----------------------------|
| 875.000,00€ | 175.000,00€                     | 700.000,00€                                  | 0,00€                      |

- O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 18.149,99 euros
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

##### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 13/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Salceda de Caselas*, CIF: P3604900E, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1\_Investmentos, por importe de 175.000,00 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra do investimento “SANEAMENTO DE ENTENZA” (expediente nº: 2025013590)”, cuxo orzamento ascende 875.000,00 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento    | Subvención<br>Plan +Provincia 2025 | Achegas doutras<br>administracións<br>(PLAN EXTRA) | Fondos propios<br>do Concello |
|--------------|------------------------------------|----------------------------------------------------|-------------------------------|
| 875.000,00 € | 175.000,00 €                       | 700.000,00 €                                       | 0,00 €                        |

O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 18.149,99 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais de: Confederación Hidrográfica del Miño Sil, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da Deputación Provincial de Pontevedra, xunto coa acta de trazado previo (anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria \_ Plan Extra, de acordo co establecido a base 23 das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Caselas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.34943.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO”.  
(Expte.2025008184)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 19/02/2025, mediante rexistro WEB2025010448, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Salvaterra de Miño* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 257.092,07 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Humanización e mellora do parque infantil no Concello de Salvaterra de Miño*”, cuxo orzamento ascende 257.092,07 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento    | Subvención<br>Plan +Provincia<br>2025 | Achegas doutras<br>administracións<br>públicas | Fondos propios do<br>Concello |
|--------------|---------------------------------------|------------------------------------------------|-------------------------------|
| 257.092,07 € | 257.092,07 €                          | 0,00 €                                         | 0,00 €                        |



- Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens/terreos sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 26/02/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 12/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* (CIF:P3605000C), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1\_Investmentos, unha subvención por importe de 257.092,07 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Humanización e mellora do parque infantil no Concello de Salvaterra de Miño*” (Expte.2025008184)”, cuxo orzamento ascende 257.092,07 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención -<br>Plan +Provincia<br>2025 | Achegas doutras<br>administracións públicas | Fondos propios<br>do Concello |
|-------------|-----------------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------|
| 257.092,07€ | 257.092,07€                             | 0,00€                                       | 0,00€                         |

O orzamento contempla honorarios redacción proxecto por importe de 10.366,62€ (IVE incluído).



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.34944.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA Ó ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (II PEID), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE A BANDEIRA”.  
(Expte.2025003520)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 21/01/2025, mediante rexistro WEB2025003897, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do II PEID, dunha petición do *Concello de Silleda* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 130.859,97 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE A BANDEIRA”, cuxo orzamento ascende 130.859,97 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento  | Subvención solicitada<br>II PEID | Achegas doutras<br>administracións públicas | Fondos propios do<br>Concello |
|------------|----------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------|
| 130.860,0€ | 130.859,97€                      | 0,00€                                       | 0,00€                         |

- O orzamento contempla honorarios técnicos de redacción proxecto, dirección obra, e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 7.623,00€.
- En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.



- Consta no expediente documento relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización da Consellería de Medio Rural.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II PEID
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 06/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda* (CIF:P3605200I), ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), unha subvención por importe de 130.859,97 euros co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE A BANDEIRA” (*exp:2025003520*), cuxo orzamento ascende 130.859,97 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención<br>II PEID | Achegas doutras<br>administracións públicas | Fondos propios<br>do Concello |
|-------------|-----------------------|---------------------------------------------|-------------------------------|
| 130.859,97€ | 130.859,97€           | 0,00€                                       | 0,00€                         |

O orzamento contempla honorarios técnicos de redacción proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 7.623,00€.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería do Medio Rural. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de SILLEDA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

16.34945.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO SALÓN DE PLENOS E ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CONCELLO”. (EXPTE.2025006242)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 11/02/2025, mediante rexistro WEB2025008217, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Soutomaior* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 229.044,26 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma do salón de plenos e acondicionamento da contorna do concello*”, cuxo orzamento ascende 234.983,52 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento    | Subvención<br>Plan +Provincia 2025 | Achegas doutras<br>administracións públicas | Fondos propios do<br>Concello |
|--------------|------------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------|
| 234.983,52 € | 229.044,26 €                       | 0,00 €                                      | 5.939,26 €                    |

- O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, director de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 17.937,32 €.
- En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.
- Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens e terreos sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 20/02/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Soutomaior* (CIF:P3605300G), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1\_Investmentos, unha subvención por importe de 229.044,26 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma do salón de plenos e acondicionamento da contorna do concello*” (Expte.2025006242), cuxo orzamento ascende 234.983,52 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención<br>Plan +Provincia 2025 | Achegas doutras<br>administracións públicas | Fondos propios<br>do Concello |
|-------------|------------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------|
| 234.983,52€ | 229.044,26€                        | 0,00€                                       | 5.939,26€                     |

O orzamento contempla honorarios por redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 17.937,32 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a concesión da presente subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.34946.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR Ó ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (II PEID), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO PECHE E SISTEMA DE REGO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CANDÁN, A MONTESIÑA”.  
(Expte.2025003555)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 22/01/2025, mediante rexistro WEB2025004064, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do II PEID, dunha petición do *Concello de Soutomaior* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 122.848,5 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do peche e sistema de rego no campo de fútbol municipal de Candán, A Montesiña*”, cuxo orzamento ascende 122.848,5 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención solicitada<br>II PEID | Achegas doutras<br>administracións públicas | Fondos propios do<br>Concello |
|-------------|----------------------------------|---------------------------------------------|-------------------------------|
| 122.848,50€ | 122.848,50€                      | 0,00€                                       | 0,00€                         |



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II PEID.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 26/02/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Soutomaior* (CIF:P3605300G), ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), unha subvención por importe de 122.848,50 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do peche e sistema de rego no campo de fútbol municipal de Candán, A Montesíña*” (exp:2025003555), cuxo orzamento ascende 122.848,50 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención<br>II PEID | Achegas doutras<br>administracións<br>públicas | Fondos<br>propios do<br>Concello |
|-------------|-----------------------|------------------------------------------------|----------------------------------|
| 122.848,50€ | 122.848,50€           | 0,00€                                          | 0,00€                            |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 de 22/10/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.34947.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI Ó ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (II PEID), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA VESTUARIOS Y OBRAS COMPLEMENTARIAS EN PABELLÓN DEPORTIVO A MACOCA, PAZOS DE REIS”. (Expte.2025003510)

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 21/01/2025, mediante rexistro WEB2025003877 formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do II PEID, dunha petición do concello de TUI na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 184.017,41 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma vestuarios y obras complementarias en pabellón deportivo A Macoca, Pazos de Reis*”, cuxo orzamento ascende 184.017,41 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención solicitada II PEID | Achegas doutras administracións públicas | Fondos propios do Concello |
|-------------|-------------------------------|------------------------------------------|----------------------------|
| 184.017,41€ | 184.017,41€                   | 0,00€                                    | 0,00€                      |

- O orzamento contempla honorarios técnicos de redacción proxecto, dirección obra, e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.861,50€.
- En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II PEID
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/03/2025., a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* (CIF:P3605500B), ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), unha subvención por importe de 184.017,41 euros co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA VESTUARIOS Y OBRAS COMPLEMENTARIAS EN PABELLÓN DEPORTIVO A MACOCA, PAZOS DE REIS” (exp:2025003510)”, cuxo orzamento ascende 184.017,41 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención<br>II PEID | Achegas doutras<br>administracións<br>públicas | Fondos<br>proprios do<br>Concello |
|-------------|-----------------------|------------------------------------------------|-----------------------------------|
| 184.017,41€ | 184.017,41€           | 0,00€                                          | 0,00€                             |

O orzamento contempla honorarios técnicos de redacción proxecto, dirección obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.861,50 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a concesión da presente subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial do servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e do servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.



- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.34948.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOA Ó ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (II PEID), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PISTA DEPORTIVA DE BOMBEO “PUMP TRACK” NA CANTEIRA DE PAREDES”. (Expte.2025003517)

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.
- En data 22/01/2025, dentro formalmente en e prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2025003893) dunha petición do Concello de Vilaboa na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 112.445,56 euros, co obxecto do financiamento da obra “PISTA DEPORTIVA DE BOMBEO PUMP TRACK NA CANTEIRA DE PAREDES”, cuxo orzamento ascende a 163.325,11 euros.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 27/01/2025.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### 1.- RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

## 2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/01/2025 e da xefa do servizo de Cooperación de data 20/02/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* (CIF:P3605800F), ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), unha subvención por importe de 112.445,56 € co obxecto do financiamento do investimento “*Pista Deportiva de Bombeo "Pump Track" na Canteira de Paredes*” (exp:2025003517)”, cuxo orzamento ascende 163.325,11 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento   | Subvención<br>II PEID | Achegas doutras<br>administracións<br>públicas | Fondos<br>proprios do<br>Concello |
|-------------|-----------------------|------------------------------------------------|-----------------------------------|
| 163.325,11€ | 112.445,56€           | 0,00€                                          | 50.879,55€                        |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 de 22/10/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



20.34949.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, PARA A “ADXUDICACIÓN DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DAS FESTAS GASTRONÓMICAS DE INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA EMPREGANDO FOOD TRUCKS”. (Expte.2024084008)

Retírase da orde do día pendente de mellor estudo expediente relativo á “Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para a “*Adxudicación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra empregando food trucks*”.

 (Expte.2024084008)

21.34950.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, PARA A “ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NO CONCELLO DE AS NEVES DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PRTR”. (Expte.2025004806)

A Deputación de Pontevedra presentou un proxecto singular denominado “Instalacións de Aeroterminia Sostibles II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE). A solicitude de axuda foi concedida mediante a resolución do director xeral do IDAE en data 11/10/2022, con cargo a NextGeneration-EU por importe de 102.821,21 euros e asignándosele o número de proxecto PR-D5000-2021-001599.

Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética de edificios co fin de obter un aforro enerxético económico con respecto aos actuais consumos de enerxía eléctrica e, polo tanto, reducir o impacto ecolóxico e a conservación dos recursos naturais e o entorno.

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Para poder realizar dita instalación, é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes por carecer na Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas.



Con data 09/08/2023 mediante Resolución Presidencial número 2023006263 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aeroterminia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dividido en dous lotes (Expte.2023042599). Con data 17/10/2023 mediante Resolución Presidencial número 2023007757 declarouse deserto o lote nº2 do referido contrato correspondente ao *concello de As Neves*.

Con data 31.01.2024 mediante Resolución Presidencial número 2024000906 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aeroterminia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e Centro Cultural; dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Con data 08/03/2024 mediante Resolución Presidencial número 2024001936 declarouse deserto o referido procedemento aberto simplificado.

As actuacións destinadas ao municipio das Neves licitáronse dúas veces conforme ao indicado na memoria de subvención, quedando en ambas deserta, ante esta situación a Deputación e o Concello de As Neves deciden reformular o proxecto técnico co compromiso de achegar os importes necesarios para financiar a diferenza do orzamento de execución, manténdose invariable a achega do IDAE.

O proxecto reformulado (CSV:DZARFMROSLZL0LXX) foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión do 04/10/2024 quedando dita aprobación condicionada á autorización do mesmo polo IDAE e á ampliación do prazo de execución establecido na resolución de concesión da axuda. En data 16/01/2025, con rexistro de entrada na Deputación número 2025000639, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE, na que acepta a modificación do proxecto e a ampliación do prazo solicitadas.

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 13 de decembro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e centro cultural, dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do programa de axudas para inversións en proxecto singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do PRTR.(Expte.2024052984). Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2025, declarouse deserto dito procedemento aberto.

Dada a importancia da axuda concedida polos fondos NextGeneration-EU para a realización do proxecto IDAE: PRD5000- 2021-001599 “Instalacións de Aeroterminia Sostibles II” do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, considérase de grande importancia iniciar un novo expediente de contratación da subministración e execución das obras de *“Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable no concello de As Neves e centro cultural, dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 “Instalacións de Aeroterminia Sostibles II” do programa de axudas para inversións en proxecto singulares locais de enerxía limpa en municipios*



*de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*”. Neste novo expediente non foi modificado o proxecto de execución da obra redactado polo enxeñeiro industrial Fernando Pérez Albalade, aprobado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 4 de outubro.

A vista de todo o exposto a xefa do Servizo de cooperación e o Deputado delegado responsable ditaron providencia de inicio para a referida contratación.

Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, visto o informe da Secretaría Xeral, de data 13/02/2025 polo que se informa favorablemente o expediente.

Visto o informe emitido pola Intervención con data 13/03/2025 polo que se informa favorablemente o expediente. Así mesmo informa que nas aplicacións orzamentarias 25/942.1700.652.15.2024 e 25/942.1700.652.15.2023, dentro do proxecto de gastos código nº 922\_0009\_AS NEVES, existe crédito retido por importe total de 98.229,87 € para facer fronte a este gasto, mediante documentos RC nº 12025000018162 e nº 12025000018163.

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no art. 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de *“Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia Sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e Centro Cultural; dentro do proxecto IDAE PR-D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”*, cun orzamento base de licitación de 129.500,83 €, IVE incluído conforme ao seguinte detalle:

| Orzamento base de licitación (sen IVE) | IVE (21%)   | Orzamento IVE engadido |
|----------------------------------------|-------------|------------------------|
| 107.025,48 €                           | 22.475,41 € | 129.500,83 €           |

O prazo de execución do contrato é de dous meses contados desde a sinatura da acta de comprobación de replanteo.



2.- Autorizar o gasto por importe de 129.500,83 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------------|
| 2025       | 25/942.1700.652.15.2024 | 67.009,17 €            |
| 2025       | 25/942.1700.652.15.2023 | 62.491,66 €            |
| Total      |                         | 129.500,83 €           |

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: KHSE876ADMHUP1IA) que rexeirá dita contratación e o pregos de prescricións técnicas ou proxecto con csv: DZARFMROSLZL0LXX.

4.- Nomear responsable do contrato a Alejandro Marín Gómez-Nieves, Xefe de sección de proxectos do servizo de Cooperación ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

22.34951.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES (CONCELLOS DE MEAÑO E RIBADUMIA)”. (Expte.2024069327)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 9302 Xil - As Covas - Barrantes que percorre os termos municipais de Meaño e Ribadumia pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.757 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 5+757 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a reposición do firme en mal estado, mellora da drenaxe lonxitudinal, execución de redutores físico de velocidade e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, dando así restitución de un correcto servizo para todo o viario.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona Belén Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*” cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: Q8P8VXKOAWNOQ2JR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 1.265.773,75 € con cargo á aplicación orzamentaria á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial (número operación 202400232372), certificando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/11/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*” redactado por Dona Belén Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: Q8P8VXKOAWNOQ2JR.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de xaneiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/02/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CIVIS GLOBAL, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.



- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas Públicas, Don Jaime Ruibal de Sola, con data 17 de febreiro de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| Licitadores                                              | A memoria e programa de traballo | Plan de actuacións medioambientais | Puntuación sobre “A” |
|----------------------------------------------------------|----------------------------------|------------------------------------|----------------------|
| CIVIS GLOBAL, S.L.                                       | 14,00                            | 1,00                               | 15,00                |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 18,00                            | 2,00                               | 20,00                |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                              | 14,00                            | 3,00                               | 17,00                |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                        | 18,00                            | 3,00                               | 21,00                |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U            | 16,00                            | 3,00                               | 19,00                |
| CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.                 | 16,00                            | 2,00                               | 18,00                |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 12,00                            | 2,00                               | 14,00                |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.                              | 14,00                            | 3,00                               | 17,00                |
| HORDESCON, S.L.                                          | 10,00                            | 3,00                               | 13,00                |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 22,00                            | 3,00                               | 25,00                |
| NAROM, S.L.                                              | 14,00                            | 3,00                               | 17,00                |

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do xefe de sección de Proxectos de Infraestruturas Públicas, Don Jaime Ruibal de Sola de data 17 de febreiro de 2025, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia).



Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES                                              | SOBRE B          |                   |                   |                 |                  |
|----------------------------------------------------------|------------------|-------------------|-------------------|-----------------|------------------|
|                                                          | OFERTA ECONOMICA | CONTROL CALIDAD E | PRAZO DE GARANTÍA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| CIVIS GLOBAL, S.L.                                       | 1.019.104,78 €   | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 949.957,97 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                              | 943.995,23 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                        | 914.704,60 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U            | 952.259,38 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.                 | 945.878,20 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 934.266,56 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.                              | 958.125,62 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| HORDESCON, S.L.                                          | 992.429,39 €     | 2,00%             | 12 MESES          | NO presenta     | NO presenta      |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 938.869,37 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |
| NAROM, S.L.                                              | 942.635,31 €     | 3,00%             | 36 MESES          | SI              | SI               |

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que a empresa CONSTRUCCIÓN S OBRAS E VIAIS, S.A., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX\_WEB2025012802) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: HGOLNT'ZZK2B7ZLXS informe do xefe de sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: *“...considero que a xustificación presentada pola empresa CONSTRUCCIÓN S, OBRAS E VIAIS, S.A. non xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”*

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 06/03/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| Licitadores                                              | Valoración Económica | Prazo de Garantía | Control Calidade | Certificados 9001/14001 | Puntuación Sobre “B” |
|----------------------------------------------------------|----------------------|-------------------|------------------|-------------------------|----------------------|
| CIVIS GLOBAL, S.L.                                       | 8,30                 | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 23,30                |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 29,55                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 44,55                |
| CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                              | 31,37                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 46,37                |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U            | 28,85                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 43,85                |
| CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.                 | 30,79                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 45,79                |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 34,34                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 49,34                |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.                              | 27,06                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 42,06                |
| HORDESCON, S.L.                                          | 16,51                | 0,00              | 2,50             | 0,00                    | 19,01                |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 32,93                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 47,93                |
| NAROM, S.L.                                              | 31,78                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 46,78                |



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*” que queda da seguinte forma:

| Posición | Licitadores                                              | Puntuación sobre "A" | Puntuación sobre "B" | Puntuación total |
|----------|----------------------------------------------------------|----------------------|----------------------|------------------|
| 1        | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 25,00                | 47,93                | 72,93            |
| 2        | CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 20,00                | 44,55                | 64,55            |
| 3        | CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.                 | 18,00                | 45,79                | 63,79            |
| 4        | NAROM, S.L.                                              | 17,00                | 46,78                | 63,78            |
| 5        | CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.                              | 17,00                | 46,37                | 63,37            |
| 6        | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 14,00                | 49,34                | 63,34            |
| 7        | CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U            | 19,00                | 43,85                | 62,85            |
| 8        | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.                              | 17,00                | 42,06                | 59,06            |
| 9        | CIVIS GLOBAL, S.L.                                       | 15,00                | 23,30                | 38,30            |
| 10       | HORDESCON, S.L.                                          | 13,00                | 19,01                | 32,01            |

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*” á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (CIF B36533537) por un importe de 1.136.031,94 € IVE Incluído.

Resultando.- Que a mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



Resultando.- Que requirida MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 46.943,47 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 11/03/2025 con número de operación 12025000034664.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.-Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A., pois contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (CIF B36533537) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)" por un importe de 1.136.031,94 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

|                        |                |
|------------------------|----------------|
| Importe ofertado ..... | 938.869,37 €   |
| IVE (21%) .....        | 197.162,57 €   |
| Importe Total.....     | 1.136.031,94 € |

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.



As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024069327.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.

23.34952.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DE COLABORACIÓN MATERIAL NA COMPROBACIÓN TRIBUTARIA EN MATERIA DE TAXAS E OUTROS TRIBUTOS NOS CONCELLOS QUE TEÑEN DELEGACIÓN EXPRESA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2024027993)

A Xunta de Goberno na sesión do día 24 de outubro de 2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de asistencia técnica administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 4/11/2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 5/11/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/11/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. (B96067400)
- LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. (B33473489)
- EIBISA NORTE S.L. (B15419906)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico Oral.



Recibido informe da xefa do servizo de Inspección e procedementos sancionadores do Oral con data 31/01/2025, (csv E1XCDXMLFJKPZ8BJ) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 13/02/2025 presta conformidade ás puntuacións acadadas e en base ó citado informe procede á apertura electrónica do sobre “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas consta no certificado da Mesa de contratación de data 13/02/2025 co csv GZGCOZM71NTYWH1N.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións que obteñen as empresas no sobre C “criterios automáticos” figuran no certificado da mesa de contratación de data 20/02/2025 co csv (YIQLLCVB1SPX80AZ).

A Mesa de contratación na súa reunión de data 20/02/2025, aproba a clasificación das ofertas presentadas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. (B33473489) que acada a puntuación total de 92,18.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4244 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025001328 de data 25/02/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX\_WEB2025015373 de data 7/03/2025) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.255,50euros (carta de pago núm. de documento 12025000034656, de data 11/03/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato mediante procedemento aberto do Servizo de asistencia técnica administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos á empresa *LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L.* (B33473489) polo importe sen IVE de 118.990,28€, 21% de IVE 24.987,96€ o que fai un total de 143.978,24€.

E polos seguintes prezos unitarios (aplicada a porcentaxe de baixa ofertada de 18%):

|                    | Prezo unitario | 21% IVE | Prezo unitario co IVE |
|--------------------|----------------|---------|-----------------------|
| traballos parte A1 | 1,49€          | 0,31€   | 1,8€                  |
| traballos parte A2 | 5,67€          | 1,19€   | 6,86€                 |
| traballos parte B  | 17,85€         | 3,75€   | 21,6€                 |
| traballos parte C  | 95,19€         | 19,99€  | 115,18€               |

A definición dos traballos a executar correspondente a cada unha das partes establécese no PPT (cláusula 2).

-Prazo de duración: Un ano a contar desde a data formalización do contrato.

-Prazo de execución: En función da tipoloxía dos traballos a executar en cada carga de traballo. A persoa responsable do contrato terá en conta, en cada carga de traballo a encomendar á adxudicataria, o número de traballos/expedientes a tramitar diariamente en función do persoal asignado ao contrato que se detalla no estudo de costes. Establécese a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha.

**Financiación:** As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2025/932.9320.227.06. O importe correspondente á anualidade 2026 quedará condicionado a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

**Forma de pago:** O pagamento do prezo realizarase en función das cargas de traballo asignadas e da súa tipoloxía, de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas, e no prego de cláusulas administrativas, na cláusula 5. Prezo d) Forma de pagamento.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

|                 |                         |                      |               |                   |           |
|-----------------|-------------------------|----------------------|---------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036<br>P3600000H) | (CIF:                | Núm. de exp.: | 2024027993        |           |
| Órgano xestor:  | LA0006136               | Unidade tramitadora: | LA0006135     | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa do servizo de Inspección e procedementos sancionadores do Oral.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

24.34953.- INICIO DO PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DE DANOS E PERDAS A MONCOSA OHS, S.A. POLA RESOLUCIÓN POR INCUMPRIMENTO CULPABLE DO CONTRATO “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP 8504 FORNO-CERNADAS NO PQ 0+530 E NO PQ 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte.2025013247)

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, resolveu o contrato “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, por incumprimento culpable do contratista MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958).

Na mesma sesión, acordou iniciar o procedemento para a incautación da garantía de 11.114,61 euros constituída para este contrato, dando audiencia ao contratista e ao avalista.



Tendo en conta que, mediante informe de data 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6), o director de obra propón o inicio dun procedemento para indemnizar os danos e perdas causados a esta Administración, polo importe de 14.557,13 euros (IVE incluído), correspondente aos traballos de reparación das deficiencias ocasionadas, pondo de manifesto o seguinte:

“(…) Polo tanto, dada a gravidade das deficiencias que presentaba a zahorra artificial e consecuentemente a capa de firme estendida encima da mesma, as cales comprometían a seguridade viaria na calzada, unha vez finalizada a obra e despois de 2 recepcións desfavorables, esta Administración, tomando como base o informe de deflexións do 29/07/2024 da empresa de control de calidade CYE, tivo que proceder por razóns de urxencia (tal e como se indicou que era necesario actuar no mencionado informe ampliatorio do 2º acto de recepción desfavorable) o día 29/08/2024, ó extendido dunha capa adicional de aglomerado de 8 cm a PQ+ da ponte do 0+530 para que o conxunto de capas de firme poidesen cumprir o prescrito na norma 6.3-IC de rehabilitación de firmes para estradas existentes. Para ilo, ademáis dos 8 cm de recrecido a PQ+ da ponte, foi necesario estender unha capa adicional de 5 cm na propia ponte e a PQ- da ponte na lonxitude mínima necesaria para poder dotar de continuidade á estrada de maneira que quedase garantida a seguridade viaria sen escalóns nin quebros bruscos na rasante da estrada. Asimesmo realizáronse as operacións auxiliares necesarias, como os transportes de maquinaria para o asfaltado en quente e fresado, a execución dos fresados precisos para obter a continuidade necesaria no firme que garantise a seguridade viaria, a aplicación de regos de adherencia, a sinalización horizontal e o recrecido das tapas de rexistro no firme.

Os traballos de reparación descritos no parágrafo anterior ocasionaron un sobrecoste á Administración, a cal se viu obrigada a proceder a un extendido de aglomerado para que as capas de firme cumprisen como mínimo a norma 6.3-IC de rehabilitación de firmes para estradas existentes (aínda que xa non fose posible cumprir a norma 6.1-IC de firmes para estradas de nova construción, tal e como se indicou no informe ampliatorio da 2ª recepción desfavorable).

Tal e como consta na certificación de agosto de 2024 do Contrato Derivado do Lote 2-2024 do Acordo Marco de Conservación de Firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, a Deputación realizou, a través do adxudicatario de dito contrato (Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.), a reparación mencionada, supoñendo as unidades de obra exclusivamente referidas á EP-8504 no P.Q. 0+530 un importe de 14.557,13 € iva incluído. A certificación mencionada está incorporada ó expediente co CSV: Q0LDHOJVF4ZA9Y3V, adxúntandose neste informe a modo resumo a parte extractada da certificación que se corresponde coa reparación na estrada EP 8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530:

| REPARACIÓN<br>EP 8504 PQ<br>0+530 | POSTA A<br>COTA DE<br>TAPAS<br>(UD) | FRESADO<br>(m2xcm) | MBC (T)    | BETÚN<br>(T) | ADHERENCIA<br>(M2) | MARCA<br>VIAL 10<br>CM (M) | PORTE<br>MAQUINARIA<br>EP 8504 (UD) | IMPORTE<br>TOTAL (E.M.) |
|-----------------------------------|-------------------------------------|--------------------|------------|--------------|--------------------|----------------------------|-------------------------------------|-------------------------|
| Medicións                         | 3                                   | 739,00             | 97,40      | 4,87         | 567,16             | 410,00                     | 1,00                                |                         |
| Prezo                             | 101,65 €                            | 0,46 €             | 37,98 €    | 597,71 €     | 0,43 €             | 0,42 €                     | 3.500,00 €                          |                         |
| Importe                           | 304,95 €                            | 339,94 €           | 3.699,25 € | 2.910,85 €   | 243,88 €           | 172,20 €                   | 3.500,00 €                          | 11.171,07 €             |



| IMPORTE TOTAL |                              |
|---------------|------------------------------|
| 11.171,07 €   | E.M.                         |
| 10.109,82 €   | E.M. CON BAIXA ADX. DO 9,50% |
| 1.314,28 €    | 13% G.X.                     |
| 606,59 €      | 6% B.I.                      |
| 12.030,68 €   | IMP. ADX. SEN IVE            |
| 2.526,44 €    | 21% IVE                      |
| 14.557,13 €   | IMPORTE ADX. CO IVE          |

É polo que se propón o inicio dun procedemento de indemnización de danos e perxuízos contra a adxudicataria (Moncosa OHS, S.A.), pola reparación realizada por un importe de 14.557,13 €, ive incluído”.

Tendo en conta o artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), segundo o cal cando o contrato resólvese por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Visto que a diferenza entre os gastos de reparación ocasionados a esta Administración e a garantía ascenden ao importe de 3.442,52 €.

Tendo en conta o artigo 113 da LCSP, conforme ao cal para facer efectivas as garantías, tanto provisionais como definitivas, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, sexa cal for a natureza do mesmo e o título do que derive o seu crédito. Cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá á cobranza da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, conforme o establecido nas normas de recadación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento de reclamación de danos e perdas a *Moncosa OHS, S.A.* pola resolución por incumprimento culpable do contrato “Ampliación de obras de drenaxe na EP 8504 Forno-Cernadas no PQ 0+530 e no PQ 4+670 (Concello de Valga)” no importe de 3.442,52 euros, que resultan da diferenza entre os danos e perdas ocasionados a esta Administración, valorados na cantidade de 14.557,13 euros (IVE incluído) segundo o informe do director de obra de 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6), e o importe da garantía de 11.114,61 euros constituída para este contrato, en proceso de incautación.



2. Conceder trámite de audiencia a Moncosa OHS, S.A., para que, durante o prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, poda presentar cantas alegacións estime oportunas na defensa dos seus intereses.

Antes do vencemento de dito prazo, a interesada poderá manifestar a súa decisión de non formular alegación ningunha nin achegar novos documentos e xustificacións, en cuxo caso se terá por realizado o trámite.

25.34954.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. -EOSA-, PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE CONSULTARÍA PARA A ELABORACIÓN DUNHA ANÁLISE-DIAGNÓSTICO DE NOVAS OPORTUNIDADES DA REDE MOVE DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” RURAL I E RURAL II, PRESENTADOS ÁS CONVOCATORIAS DE AXUDAS 2022 E 2023 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS DO MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU”. (Expte.2024050912) (Devogarán 2025006645)

Por acordo número 40.32418 adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria, de data 10 de marzo de 2023 (CSV.- 82E5ZAFAG8CD8SMK), acordouse, entre outros asuntos, a “*Aprobación e xeración de crédito do proxecto , presentado á convocatoria de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do <Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro - BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021 -, modificada pola orde ICT/566/2022 de 15 de xuño - BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022)>”.* (Núm. Exp. 2022049323).

Por acordo número 7.29324 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 18 de setembro de 2020 (CSV.- 3SC9LGPD0U99HVGR), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “*Servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU”.* (Núm. Expte. 2025050912).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Estrategia y Organización, S.A. -EOSA-*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

| EMPRESA                                                  | IMPORTE   | CARTA PAGO   | DATA       |
|----------------------------------------------------------|-----------|--------------|------------|
| ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN,<br>S.A. -EOSA- (A-36.196.418) | 2.236,10€ | 202400003098 | 17/10/2024 |



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local (CSV.- 3XW4S9A3OSZXKWO), no cal sinala que “(...) *EMÍTESE o presente informe xustificando o cumprimento do Servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU (Expediente nº. 2024050912), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.” (...).*

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra de “*Servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU*” (Núm. Expte. 2024050912), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Estrategia y Organización, S.A., -EOSA-* (A-36.196.418), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída, mediante aval de ABANCA, por importe de dous mil douscentos trinta e seis euros con dez céntimos (2.236,10 €) “*Inscrita no Rexistro Especial de Avals co número 692376*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 17/10/2024, segundo mandamento de ingreso con número de operación 20240003098.

26.34955.- APROBACIÓN DOS LISTADOS DEFINITIVOS DE ENTIDADES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DESTAS ÚLTIMAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS 130 OBRADOIROS E LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA 2025. (Expte.2024068603)

#### ANTECEDENTES:

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ven levando a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas, no ámbito da educación non regrada, a través de distintos obradoiros, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo.



Nesta liña, no capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa *“promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”*.

Entre estes principios recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, e que favorezan a socialización, as actividades interxeneracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias; así, no artigo 22 desta lei, dispónse que as administracións públicas fomentarán a participación das persoas maiores en actividades formativas específicas para un envellecemento activo.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “Provincia Activa” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e a situación de soidade non desexadas.

2º.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do programa “Provincia activa” 2025 que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 246 de 19 de decembro de 2024. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 20 de decembro de 2024 ao 20 de xaneiro de 2025.

3º.- A contía consignada para este programa é de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionado á existencia de crédito adecuado é suficiente.

4º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de decembro de 2024 acordou a aprobación da terceira prórroga do contrato do “Servizo de Xestión, Desenvolvemento e execución do programa Provincia Activa (antes Depo en Marcha, Expte. 2021050862, adxudicado o 1 de abril de 2022, á empresa Xestión Cultural Áurea, S.L., con CIF B36394203, polo prezo unitario por obradoiro de 1.122,43€, IVE incluído). A prórroga será efectiva durante o período desde o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

5º.- O programa Provincia activa promove a participación en cada edición de 130 entidades sociais sen ánimo de lucro que traballan no eido de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia, a través das cales as persoas maiores de 50 anos realizan cada edición obradoiros temáticos para favorecer a participación e a cooperación social.

6º.- Na Base Terceira da convocatoria, entidades beneficiarias, recóllese o seguinte:

*“Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:*

- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra*



- *Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados*
- *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.”*

7º.- Na Base Cuarta relativa ás condicións do programa, recóllese entre outros, que “(...)só poderá solicitarse un obradoiro por entidade(...)”. De acordo co establecido na base decimo cuarta, relativa ao procedemento de concesión:

*“O procedemento de concesión dos 130 obradoiros será o de concorrência non competitiva. Segundo as bases en caso de que o número de solicitudes exceda o de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:*

- 1. Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no RUEPSS como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.*
- 2. Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, rexistradas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.*
- 3. Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
- 4. Outras entidades non recollidas nas categorías anteriores.*

*A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes. Tendo en conta o anterior, cubriranse de forma inicial un máximo de 130 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda.”*

8º.- Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes (20 de xaneiro de 2025) rexistráronse un total de 316 solicitudes, que foron obxecto de estudo e comprobación por parte do Servizo de Benestar encargado da instrución do expediente, sendo o resultado o seguinte:

- 263 solicitudes resultaron admitidas a trámite por cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras.
- 34 solicitudes resultaron excluídas por presentar máis dunha solicitude ao programa
- 19 solicitudes resultaron excluídas por non cumprir a entidade solicitante os requisitos establecidos nas bases, e/ou non achegar a documentación esixida.

9º.- Por Resolución Presidencial núm. RP2025001139 de 13 de febreiro de 2025 aprobouse a relación provisional de entidades admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión. O anuncio foi publicado na web e no Boletín Oficial da Provincia núm. 33 do 18 de febreiro de 2025. O listado provisional figura no expediente co seguinte CSV SXJHLRGS8ETU1W4N.



10º.-Transcorrido o prazo de 10 días hábiles para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión, con data 10 de marzo de 2025 Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto do informe - proposta do Servizo de Benestar Social para a fiscalización do listado definitivo de entidades admitidas e excluídas e a fiscalización da proposta da adxudicación dos obradoiros e da lista de agarda dentro da convocatoria do programa PROVINCIA ACTIVA para o ano 2025.

De acordo coas Bases Reguladoras do programa PROVINCIA ACTIVA 2025, adxudícanse 130 obradoiros conforme o disposto na base décimo cuarta, quedando 146 entidades en lista de agarda, excluindo 40 solicitudes e, sendo o prezo unitario por obradoiro 1.122,43 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.227.07.

### PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar as relacións definitivas de solicitudes admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión desta últimas.

- Relación definitiva de 276 entidades admitidas: (CSV): MMYJSLHW5SAXJOP7.

- Relación definitiva de 40 solicitudes excluídas, e motivo de exclusión: (CSV): MY91OPPHXTNNRTR7.

Segundo. Aprobar a relación das entidades con proposta de adxudicación de 130 obradoiros, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases. (CSV): JBH3GHZFMLNGWV3P.

Terceiro. Aprobar a relación de 146 entidades en lista de agarda (CSV): LY4N42IFKDB49XJH.

Cuarto. Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación de Pontevedra a relación definitiva de entidades admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión desta últimas, a relación das entidades con proposta de adxudicación de 130 obradoiros, e a relación de 146 entidades en lista de agarda.

27.34956.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ASPAVI DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN.  
(Expte.2024042159)

### ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024, aprobou mediante acordo número 34.33686 a convocatoria e bases reguladoras do programa “Pontevedra, provincia + Inclusiva”, para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro situadas en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para a promoción da accesibilidade universal, a eliminación de barreiras e a adquisición de axudas técnicas.

2º.- Con data 15 de novembro de 2024, a Xunta de Goberno adopta acordo número 18.34375, polo que se modifican as bases reguladoras da convocatoria, no relativo aos prazos de execución (ampliado ata o 28 de febreiro de 2025) e xustificación (ampliado ata o 31 de marzo de 2025).



3º.- Ao abeiro desta convocatoria, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, , concederlle á *ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE VIGO ASPAVI*, con NIF G36870558 e domicilio social no concello de Pazos de Borbén, unha subvención por importe de 8.557,35 euros para a adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas. (CSV: UM74WF4RID6HC5EH).

4º.-Con data 27 de febreiro de 2025, e número de rexistro WEB2025012467, a entidade presenta a través de instancia xenérica solicitude de modificación do orzamento (CSV: OOXN18GUCQ439PQH), xustificando tal modificación da seguinte forma:

*“(…) Debido a la diferencia temporal entre la solicitud inicial y la realización del pedido, algunas de los materiales necesarios no estaban disponibles en stock. Ante esta situación, nos vimos en la necesidad de solicitar nuevos presupuestos en otros establecimientos especializadas en material exclusivo para la elaboración de la sala multisensorial teniendo en cuenta las diferentes necesidades de cada usuario/a en ese momento. Esto nos permitió ajustar el presupuesto de la empresa handycat, reduciendo la cuantía total y asegurando la disponibilidad de los materiales requeridos en los otros establecimientos. Es importante resaltar que, aunque ha habido un ajuste en los presupuestos de los proveedores, el objetivo del proyecto sigue siendo el mismo, y el destino de la cuantía recibida no ha cambiado. La finalidad sigue siendo la creación de una sala multisensorial adecuada a las necesidades de los usuarios del centro, y todos los recursos serán destinados a tal fin. Por lo tanto, solicitamos su aprobación para la nueva modificación del presupuesto que se adjunta, que refleja un ajuste razonable de los costes, detallando las partidas afectadas y el incremento necesario para llevar a cabo la adecuación de la sala multisensorial con los recursos más adecuados.*

*(…)”*

5º.- O órgano instructor emite informe proposta con data 7 de marzo de 2025 (CSV: II9A6K31E6XQRCXC), no que indica o seguinte:

*“(…)”*

*3.- Esta modificación implica unha variación nalgúnhas das aplicacións do orzamento presentado, ampliando o custe da sala multisensorial dos 6.131,14 euros do orzamento incluído na solicitude (CSV: VEUDE4V05GIT8CVA ) aos 6.152,73 euros que suman os distintos elementos que a entidade solicita incluír nesta partida (CSV: OOXN18GUCQ439PQH e OX1LQ4U6VLM6QLSB ). Desta forma o orzamento total sería de 10.743,28 euros, e a porcentaxe da subvención concedida sería do 79,84%, mantendo a contía concedida nos 8.577,35 euros.*

*4.- De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, cuxo texto foi publicado no BOPPO número 250, de 27 de decembro de 2024:*

*4.1.- As bases reguladoras da convocatoria, publicadas no BOPPO número 82, de 26 de abril de 2024, cuxa modificación no relativo aos prazos de execución (ampliado ata o 28 de febreiro de 2025) e xustificación (ampliado ata o 31 de marzo), foi publicada no BOPPO número 241 de 12 de decembro de 2024, non establecen a imposibilidade de modificación da resolución de concesión.*

*4.2.- A solicitude de modificación considérase suficientemente xustificada, e foi presentada con anterioridade á finalización do prazo para a execución das actuacións.*

*5.- Conforme as bases reguladoras da convocatoria, “(…) o procedemento de concesión das subvencións realizárase en réxime de concorrència non competitiva (…)” establecéndose, no caso de superar o orzamento destinado á convocatoria, un sistema de rateo para a repartición das axudas.*

*6.- Coa modificación non se dana dereitos de terceiros, dando cumprimento así ao recollido no artigo mencionado no punto anterior e no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*7.- O órgano competente para a resolución da solicitude de modificación da resolución de concesión da subvención será o mesmo que a concedeu, neste caso a Xunta de Goberno. (…)”*



6º.- Con data 11 de marzo de 2025 Intervención emite informe favorable do expediente (CSV: MH83QVN1L6YZ5O10).

Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou a concesión da subvención, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación do acordo de concesión de subvención para a mellora da accesibilidade, no marco do programa “*Provincia + Inclusiva*”, á Asociación de Padres de Persoas con Discapacidade Intelectual de Vigo (ASPAVI), no relativo aos investimentos subvencionables para a sala multisensorial.

28.34957.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ENTIDADE ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA DO CONCELLO DE SILLEDA. (Expte.2024015768)

#### ANTECEDENTES:

1º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 9 de febreiro de 2024, aprobou mediante acordo nº 3.33436 a convocatoria e as bases das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2024 (Expediente nº 2023072106), publicadas no BOPPO nº 33 do 15 de febreiro de 2024.

2º.- Ao abeiro da convocatoria, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria de 31 de outubro de 2024, concederlle á entidade “asociación para o desenvolvemento social da comarca do Deza”, con NIF G36527745, unha subvención por importe de 2.922,16 euros para a execución do proxecto “VIII taller encantad@ de coñecerme”.

3º.- Con data 30 de xaneiro de 2025 e número de rexistro WEB2025006056, a entidade presenta escrito de renuncia (CSV: OTFIA8EBWQYHT99C) co seguinte motivo:

*“(…) Que finalmente non se puideron levar a cabo os talleres propostos pola imposibilidade de axustar o escaso importe da subvención concedida ao custe total da actividade. Polo que non poderemos xustificar dita concesión renunciando á mesma (…).”*

4º.- Con data 6 de marzo de 2025 Intervención emite dilixencia e conforme do expediente (CSV: O10XAWKBHJK3KXH9).

De acordo có exposto, e de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Dar conta e aceptar a renuncia presentada pola entidade Asociación para o desenvolvemento social da comarca do Deza, con NIF G36527745, á subvención concedida por importe de 2.922,16 euros para a execución do proxecto “VIII taller encantad@ de coñecerme”.



29.34958.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ENTIDADE FUNDACIÓN LAS SAMARITANAS DO CONCELLO DE A GUARDA. (Expte.2024018021)

ANTECEDENTES:

1º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 9 de febreiro de 2024, aprobou mediante acordo nº 3.33436 a convocatoria e as bases das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2024 (Expediente nº 2023072106), publicadas no BOPPO nº 33 do 15 de febreiro de 2024.

2º.- Ao abeiro da convocatoria, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria de 31 de outubro de 2024, concederlle á entidade Fundación las Samaritanas, con NIF G36525293, unha subvención por importe de 3.234,65 euros para a execución do proxecto “MELLORA DAS CAPACIDADES DAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN AO REDOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO”.

3º.- Con data 30 de xaneiro de 2025 e número de rexistro WEB2025006014, a entidade presenta escrito de renuncia (CSV: IQ5B9SLTAVFMV7PL) co seguinte motivo:

*“(…) Pero debido á falta de tempo para executar debidamente as actividades, pola premura no prazo de execución e a incapacidade para garantir o bo uso destes recursos públicos, a Fundación decidiu renunciar a esta axuda da Deputación de Pontevedra.*

*A estes efectos, comunica a súa decisión de renuncia da axuda para ser tida en conta no proceso de xustificación do programa. (…)*”.

4º.- Con data 6 de marzo de 2025 Intervención emite dilixencia e conforme do expediente (CSV: S12TS3NBB8487PJ3).

De acordo có exposto, e de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Dar conta e aceptar a renuncia presentada pola entidade Fundación las Samaritanas, con NIF G36525293, á subvención concedida por importe de 3.234,65 euros para a execución do proxecto “MELLORA DAS CAPACIDADES DAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN AO REDOR DO CAMIÑO DE SANTIAGO”.

30.34959.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB NÚMERO PHI DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA “OLIMPICXS POR UN DÍA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 08/11/2024. (Expte.2024041832)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.



Segundo.- En data 10/06/2024 M<sup>a</sup> Encarnación Devesa Costa, en representación do CLUB NUMERO PHI (NIF: G94185964) presenta solicitude para “*Olimpicxs por un día*”, achegando un orzamento da actividade por importe de 10.200,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o CLUB NUMERO PHI (NIF: G94185964) e na contía de 1.170,87 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 06/03/25 o CLUB NUMERO PHI (NIF: G94185964) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida por non poder xustificar o importe mínimo de 3.000,00€.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/03/2025 a renuncia presentada polo CLUB NUMERO PHI (NIF: G94185964).

#### Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Dar conta e aceptar a renuncia presentada polo *CLUB NUMERO PHI* (NIF: G94185964) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.170,87 € para “*Olimpicxs por un día*” (documento co CSV: KKV8GMP1W7ZLQRML).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

31.34960.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO BALTO MUSHIN TEAM DO CONCELLO DE VIGO PARA “ÁMBITO ESTATAL-MUSHING” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 05/12/2024. (EXPTE.2024048784)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 07 de xuño de 2024 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 (expediente 2024024459). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 114, de 12 de xuño de 2024.

Segundo.- En data 09/07/2024 Susana Teresa Pérez-Bello Pérez, en representación do BALTO MUSHING TEAM (NIF: G01952456) presenta solicitude para “Ámbito inferior ao estatal – Mushing”, achegando un orzamento da actividade por importe de 5.912,64 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 05/12/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 241 de 12 de decembro de 2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2024 e no que figura o BALTO MUSHING TEAM (NIF: G01952456) e na contía de 294,04 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 11/03/25 o BALTO MUSHING TEAM (NIF: G01952456) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola imposibilidade de aportar documentación xustificativa.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 13/03/2025 a renuncia presentada polo BALTO MUSHING TEAM (NIF: G01952456).

#### Fundamentos:

##### Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Dar conta e aceptar a renuncia presentada polo *BALTO MUSHING TEAM* (NIF: G01952456) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 294,04 € para “*Ámbito inferior ao estatal – Mushing*” (documento co CSV: UXHAGY64U3U3DCRK).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

32.34961.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

33.34962.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

a)Recoñecemento extraxudicial de créditos(Expte.2025008611)

Vista a relación de operacións con número 2025008611 (CSV:XY13K7AAN4WL2FNI), que contén 26 operacións por un importe de 60.331,73 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| Importe orzamentario .....     | 60.055,19€ |
| IVE soportable deducible ..... | 276,54 €   |
| Retencións .....               | 0,00 €     |
| Total líquido.....             | 60.331,73€ |



b) Recoñecemento extraxudicial de créditos ( Expte.2025008058)

Vista a relación de operacións con número 2025008058 (CSV: XIY0VGTD3B3V93C4), que contén 16 operacións por un importe de 17.142,38 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| Importe orzamentario .....     | 17.265,88€ |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €     |
| Retencións .....               | 123,50 €   |
| Total líquido.....             | 17.142,38€ |

34.34963.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

